

ORFEÓN TERRA A NOSA

Fundado en 1966 por Manuel Feijóo OFM (1926-92), tivo como directores a Miro Moreira (1984-2021) e Mateo Iglesias (2021-23). Na actualidade a dirección artística está a cargo de Luís Martínez.

O Orfeón colabora con orquestras como a Xoven Orquestra de Galicia, ACLásica, Orquesta Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Castilla y León, Collegium Musicum Prague, Orquesta Sinfónica de Brno, Le Baroque Nomade..., baixo a batuta de Alberto Zedda, Edmon Colomer, Víctor Pablo Pérez, Paul Daniel, Antoni Ros Marbá, Massimo Spadano, William Lacey, Jacques Kantorow, Maximino Zumalave, Joam Trillo, Oliver Von Dohnanyi, Jesús López Cobos, Lorenzo Ramos, Enrique Ricci, Kemal Kahn, Javier Fajardo, Jean Cristophe Frisch ou Michel Piquemal.

Amais de ter actuado por toda a Península Ibérica, acudiu a festivais internacionais en Francia, Bélxica, Polonia, Italia, Alemaña, Inglaterra, Holanda, Arxentina, Venezuela, Uruguai, Colombia, Chile e Estados Unidos. Protagonizou recuperacións e estreas de autores galegos como Juan Montes, Joam Trillo, Buono Chiodi, José de Vaquedano, Santiago Tafall, Ramón Palacio, Millán Picouto, Marcos Mato ou Paulino Pereiro.

Coa RFG participou nas estreas absolutas de *Tempos Velados* (Abe Rábade, 2016) *A Amnesia de Clio* (Fernando Buíde, 2019) e a *Misa ao Apóstolo Santiago* (Marco Frisina, 2022) dirixida polo propio autor.

En 2024 interpretou a integral dos motetes de Marcial del Adalid no Teatro Abanca (Vigo).

En 2025 presentou o *Requiem* de Mozart (versión Spengel, 1832) coa Orquestra Terra a Nosa, creada no seo da institución e constituída por músicos profesionais vencellados ao conservatorio compostelán.

MARCIAL DEL ADALID (1826-1881)

3 motetes Op. 20

Tantum ergo
Ave verum
O salutaris

6 motetes a solo (1-3)

O Jesu o Fili (A. López)
Ave Maria (A. Cruz)
Ecce Panis (D. Ferreiro)

3 motetes Op. 21

Ave Maria
Salve Regina
Ave Maris Stella

6 motetes a solo (4-6)

O salutaris (A. Cruz)
Santa Maria (A. López)
Agnus Dei (D. Ferreiro)

6 motetes a 4 voces


O salutaris
Tantum ergo
Salve Regina
Ave Maria
Ave verum
Agnus Dei

ORFEÓN TERRA A NOSA

Aida López, Aida Cruz (sopranos)
David Ferreiro (tenor),
Pablo Nieves (barítono)
Juan Manuel Varela (piano)
Dirección: Luís Martínez

MOTETES

MARCIAL DEL ADALID (1826-1881)



ORFEÓN TERRA A NOSA

JUAN MANUEL VARELA _ PIANO

LUÍS MARTÍNEZ _ DIRECCIÓN

SÁBADO **21.06.25** **21.00** HORAS

SAN DOMINGOS DE BONAVAL

ENTRADA LIBRE

 XUNTA
DE GALICIA

 Museo do
Pobo Galego

 ARCHIDIOCESIS DE
santiago de compostela

NOTAS

Orixinado no século XII, en plena efervescencia da polifonía centroeuropea, o motete é unha forma musical relacionada directamente coa liturxia -aínda que non exclusivamente, pois en determinadas épocas foi fundamentalmente profana-, que perviviu imperecedeiro e orgánico, transformándose segundo as épocas, estilos e funcións, desde a súa xénese ata os nosos tempos. Nada para ser cantada na Igrexa, nun contexto bíblico, con texto en latín, xeralmente para catro voces a *capella*, o motete evolucionou de forma adaptativa, desde os compositores da Escola de Notre-Dame, ata os nosos tempos, chegando mesmo a reinventarse, convertendo trazos primitivos como a característica politextualidade en símbolo de modernidade.

Desde o Romanticismo, o motete seguiu sendo pretexto para a composición de música sacra con textos respectados pola súa tradición e antigüidade, mantendo a función e o contexto ligado ao relixioso, pero integrando novos recursos vocais e, mesmo, instrumentais -como a inclusión do órgano ou outros instrumentos propios de persoais musicais de colexiadas, mosteiros e catedrais-. Cos movementos do Cecilianismo primeiro e do *Motu proprio* de Pío X despois, os autores decimonónicos buscarán modelos na escola romana do século XVI, redescubriendo, por exemplo, técnicas de Palestrina. Así, o motete forma parte da tradición musical e litúrxica do século XIX, representado a través de obras mestras de Mendelssohn, Brahms ou Bruckner, e tamén deu lugar a grandes creacións por mestres españois coetáneos como Barbieri, Bretón, Albéniz, Otaño etc. E a este patrimonio musical contribúese hoxe neste concerto coa recuperación e reestrea dos motetes de Marcial de Adalid.

Os dezaioito motetes por el compostos son froito da súa derradeira etapa vital e de produción (ca. 1870-72). Constitúen case a totalidade da súa obra relixiosa conservada, aos que hai que engadir as obras previas *Salve Regina Mater*, *Los toques de la oración* e *Ave Maria para mezzosoprano con acompañamiento de piano y órgano*.

Como era habitual na época, todos os motetes adalidianos empregan textos litúrxicos de temática eucarística ou mariana. E, fóra da primeira colección, son acusadamente homofónicos, breves e de estrutura sinxela e pechada. No caso dos seis motetes para voz a só, precisamente por este carácter solista, están escritos cun estilo máis próximo á canción lírica, onde se busca o lucimento da voz, aínda que dentro da sobriedade e solemnidade que esixe este tipo de repertorio, e o acompañamento de teclado é máis elaborado, como reforzo para o lucimento vocal. Así mesmo, cabe mencionar que Adalid empregaba o recurso de reutilizar e/ou reelaborar materiais entre as súas obras en puntuais ocasións e os seus motetes non son excepción: o último acto da súa ópera Ynes è Bianca, no que fai presenza un coro de monxes, Adalid reutiliza o tema do *Tantum ergo*, presente no quinto dos 6 *Motetes a catro voces* e do primeiro dos 3 *Motetes Op. 20*.

Todos estes motetes conforman dous volumes encadernados, custodiados na Real Academia Galega e son parte do proliso legado que a filla do músico, María del Adalid, doou a esta institución en 1928-29, pouco antes do seu falecemento. Hoxe, estes exemplares atópanse a libre disposición través da web monográfica que recentemente esta institución dedicou á efeméride e a súa recuperación é, en parte, grazas ao coidadoso labor de custodia levada a cabo durante case un século.

A día de hoxe descoñécese o contexto concreto que motivou a creación destas obras e se chegaron a ser estreados publicamente en vida de Adalid ou con posterioridade, pero o concerto de hoxe é data memorable, pois supón a culminación dun proxecto de estudo, edición e rexistro discográfico que tivo como antecedentes o concerto celebrado en decembro de 2023 no Teatro Abanca de Vigo, e a gravación realizada os días 24 e 25 de maio nesta mesma igrexa.

Laura Touriñán Morandeira

JUAN MANUEL VARELA (Piano)

Nacido en Noia, Inicia os estudos de piano da man de Martín Millán, obtendo o Título Superior coas máximas calificacións.

Completa a súa formación clásica en piano e música de cámara da man de Manuel Carra, Lidia Stratulat, Alfredo Oyáñez, Dag Jensen, Eldar Nebolsin ou José Luis Estellés.

No ámbito do jazz e a improvisación estudou con Suso Atanes, Abe Rábade, Bary Harris, Ulf Radelius, Cecyl Bridgewater ou Jarmo Savolainen.

Debido á súa versatilidade é reclamado frecuentemente como repertorista e pianista acompañante e colabora con infinidade de solistas e agrupacións de estéticas diversas como: As Lens, Kin García Trío, Quinteto Pentafonía, Cuarteto de Jazz Drops, Trío Aliaga ou Capela Compostelana. Varela acompaña o Orfeón Terra a Nosa desde hai máis de 30 anos. É profesor de Piano e Harmonía no Conservatorio Profesional Felipe Paz Carvajal de Noia.

LUÍS MARTÍNEZ (director)

Nacido en Vigo, estudou Piano e Linguaxe Musical nos conservatorios de Santiago e Vigo. É Mestre especialista en Educación Musical e Licenciado en Pedagogía pola USC.

Asistiu a aulas de perfeccionamento en diferentes ámbitos da análise e interpretación musical con mestres da talla de Miro Moreira, Dominique Velard, Owen Reese, Peter Philips, Pier Paolo Scattolin, Artur Carneiro, Constantin Alex, Bernd Valentin, Tu Shi Chiao, J. López Calo ou Carmen Cruz.

É fundador e director de Vox Stellae, e colabora con agrupacións como Capela Compostelana, Capela Antiga, Capilla de Extravagantes, Grupo Siglo XX ou Hércules Brass. Desde 1996 forma parte da Capela da Catedral de Santiago de Compostela e o Orfeón Terra a Nosa, agrupación que dirixe desde outubro de 2023.